

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 26 DE ABRIL DE 2018

Casa Consistorial do Concello de Muros

Hora de comezo: 20.30 h

Hora de remate: 22.00 h

Convocatoria: Primeira.

Asisten:

Alcaldesa: Da. M^a Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M^a Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Dna. Paula Simil Mayo (BNG)

Ausente: D. José Vázquez Rama (PP)

Secretaria en acumulación: Rosa Ana García Fernández

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN OPE LEGIS DOS BORRADORES/MINUTAS DAS SESIÓNS QUE DESEGUIDO SE DETALLAN, NO SEU CASO, DE DECISIÓNS SOBRE OBSERVACIÓNS FORMULADAS RESPECTO DE ERROS MATERIAIS OU DE FEITO (ART. 91.1 DO R.D. 2568/1986):

A) MINUTA/BORRADOR DA SESIÓN CELEBRADA O 28 DE MARZO DE 2018: N^o 3/2018.

Ao non existir alegacións que facer á acta da sesión anterior, esta queda aprobada polos votos a favor do g. m. de CxG (3), g. m. PP (3), e BNG (Sr. García Fernández), absténdose os integrantes do g. m. do PSOE (4), por non ter estado no desenvolvemento de toda a sesión

ROSA ANA GARCÍA FERNÁNDEZ (1 páina 1)
SECRETARÍA ACUMULADA
Data de Sinalada: 15/05/2018
HASH: 836006338deccab0d8e3c93a659ffc



Cod. Validación: 9YWM46Y2XTRLSXNMFCC3TEME | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp/ublico | Páxina 1 a 12

anterior, segundo manifesta a súa voceira, e Da. Paula Simil por non estar presente na sesión anterior.

DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E SANIDADE

2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ORZAMENTO COMPROMETIDO POLO GOBERNO DE ESPAÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS CONTEMPLADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Previa autorización da Presidencia Intervén Dna Sandra Maneiro, do g. m. PSOE que procede á lectura da moción, iniciando a continuación o debate a voceira do PP, a Sra. Inés Monteagudo:

"Traemos unha emenda á moción (entrega copias). Estamos de acordo co que decides na moción pero só facedes referencia na proposta de acordo aos recursos e por iso a nosa emenda, xa que o pacto de Estado implica modificación de leis en canto a competencias e no pacto dábase seis meses para esas modificacións, e como decides o orzamento será para competencias das CCAA e concellos e aínda non están reflectidas na normativa. Estase a traballar e hai prazo e por iso dicimos que está ben que se dea diñeiro, pero tamén hai que avanzar na concreción das competencias de cada entidade."

Intervén a voceira do g. m. PSOE, a Sra. González: "Estades de acordo no que pedimos ao goberno de España? No proxecto de orzamentos non vén reflectida esa cantidade e se temos máis competencias haberá que incrementar isto. Estades de acordo en pedir ese diñeiro?"

Da. Inés Monteagudo contesta: "Pedimos que se deixe traballar ás comisións nese prazo para saber en que se poden gastar eses recursos. O proxecto de orzamentos establece 80 millóns directamente aos ministerios, a maiores incrementase a aportación a entidades locais e CCAA, e parte disto terá que destinarse á violencia de xénero. Gustaríanos que se achegase non só os 120 000 000 que vostedes din senón máis. Pedimos que se amplíe a moción para que se definan esas competencias legais para que cos recursos que dan poidan facerse."

Volve a intervir Da. Caridade González: "Xa poñemos iso na moción. Estades de acordo co punto 1? Non temos inconveniente en aceptar a emenda. Queremos pedir ao Goberno que faga efectivo o pacto e o dote de orzamentos para isto."

A continuación, previa autorización da Presidencia, intervén Da. Paula Simil, que procede a dar lectura a un manifesto da Marcha Mundial das Mulleres, que se inclúe neste acta.

Isto resúmese, continúa Da. Paula Simil, en que estamos de acordo coa moción, que fai falta cartos, pero tamén políticas eficaces e educación e isto non sei se se arranxa con diñeiro."



Dña Caridad González manifesta que está en contra de calquera forma de violencia e que non ten datos suficientes sobre o sumario polo que non deben de facerse xuízos paralelos e hai que deixar traballar aos xuíces."

Intervén Da. M^a Xosé Alfonso: "Estamos de acordo coa moción e tamén coa emenda do PP, é preciso dotar diñeiro pero tamén definir competencias."

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos seus 12 membros presentes, dos 13 que de dereito o forman, acorda aprobar a moción obxecto da Orde do Día coa emenda tamén aceptada e por isto:

- *Instar ao Goberno de España a que nos Orzamentos Xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas e aos concellos, se destinen, vía transferencias un incremento anual de 20 millóns de euros aos concellos e 100 millóns de euros ás comunidades autónomas.*
- *Tal como figura no acordo do Pacto que di textualmente: "Os Orzamentos Xerais do Estado destinarán, vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos cinco exercicios.*
- *Instar ao Goberno de España, aos grupos políticos e as distintas comisións a definir e concretar as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas e entidades locais, cumprindo na medida do posible, co prazo acordado no propio pacto.*
- *Dar traslado deste acordo plenario ao presidente do Goberno de España, á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.*

DA COMISIÓN DE PERSOAL E FACENDA

3. PROCEDIMENTO MONITORIO 60/2018 DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA DE MUROS EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN ECONÓMICA DE EDITORIAL ARANZADI S.A. E ACORDOS PROCEDENTES

A Sra. alcaldesa explica: "A factura que se reclama estaba incluída nun REC que se rexeitou varias veces no Pleno. E Aranzadi presenta este procedemento monitorio. O informe de Intervención segue vixente, e nel establecíase a conveniencia do seu abono."

Intervén Da. Inés Monteagudo: "Non acabamos de entender por que o trae. En novembro de 2015 prorrogaron o contrato con Aranzadi e fixérono sabendo que non tiñan diñeiro. Estamos a falar dunha factura de novembro de 2015. Despois en varios plenos aprobaron REC 1 e 2 e despois outro REC que non se aprobou. En ningún deles estaba esa factura e non entendemos porque esperaron ata 2017 para traer esta factura.



Por Decreto de Alcaldía 590/2018 aprobou unha factura de 2017, polo que se ve que pode aprobar gastos de anos anteriores. Non pagan as nosas asignacións porque di que son doutro ano, o que se demostra que non é así, pero vostedes cobran máis de 5 000 €/mes. Ten un concelleiro de Facenda que non se sabe que fai. É a súa responsabilidade e decisión, non a traslade a nós."

Da. Caridad González: "Estamos de acordo co que di a voceira do PP e efectivamente trátase de prioridades de pagamento e no seu momento non foi esa prioritaria. O único que fai é botarnos a culpa á oposición e a culpa de que non se paguen facturas é súa por non ter orzamentos. Non nos pasaron nada para isto. Cando había interventora vostede doulle permiso para traballar dende casa e despois de dous anos di que non hai interventora e esta ten que facer o orzamento. Non é así, o orzamento é un presuposto político. Non fixeron orzamentos e é a lexislatura dos reparos. Se o fuma, dálle igual. O concelleiro de Facenda cobra pero non fai nada. Di vostede que cun procedemento monitorio se aproba a factura e non é así. É un procedemento xudicial e terá que pagar a factura con intereses e tráeo aquí sendo que non é de Pleno. Pedímoslle un poder que había de 2015 e non nos deu nada, é o que usa para todos os procedementos. Vostede non necesita autorización do Pleno para *allanarse* ao monitorio e resulta que fai un poder no que autoriza para *allanarse*, desistir, etc... de todos os procedementos que teña o Concello de Muros, é polo tanto competencia súa. Por que non nos preguntou cando fixo o poder se lle dabamos autorización para isto? Ten un poder con facultades para *allanarse*."

A continuación intervén o voceiro do BNG, o Sr. García: "Non nos gustaría ter que dar a razón ao g. m. do PSOE pero queremos xa orzamentos porque con eles a máis doutras cosas, tamén se resolverían estas cuestións. Despois da exposición do PSOE queda claro que ten facultades para *allanarse* e segundo queda claro no informe da Secretaría que ten que ser o Pleno quen aprobe a factura. Traia dunha vez os orzamentos."

A petición da Sra. Alcaldesa, a secretaria explica que non ten coñecemento do poder e que a Alcaldía poderá *allanarse* en asuntos da súa competencia e o Pleno nos da súa, que o pagamento desta factura pasaría pola aprobación do REC, e a preguntas da voceira do PP sobre a competencia para aprobar facturas deste importe, contesta que sería da Alcaldía en condicións normais, pero que a aprobación desta factura pola Alcaldía sería un acordo baleiro, posto que para o seu abono é preciso a aprobación plenaria dun REC.

A alcaldesa intervén: "Trátase de evitar máis gastos para o Concello. Hai que aprobar este acordo para poder pagar a factura."

O Pleno, cos votos a favor do g. m. CxG (3) e BNG (2) e a abstención do resto dos integrantes presentes (4 g. m. PSOE e 3 DO g. m. PP), ACORDA aceptar a proposta da Alcaldía neste punto:



Allanarse á reclamación xudicial efectuada por Editorial Aranzadi, S.A., atendendo ao requirimento de pagamento relativo ao Procedemento Monitorio 60/2018, do Xulgado de Primeira Instancia de Muros; e aprobar, mediante o Recoñecemento Extraxudicial de Créditos (que queda aprobado neste acto para este fin), de acordo cos informes obrantes no expediente relativo ao mesmo, o pagamento da factura que é obxecto de reclamación.

A factura obxecto do acordo é a nº 2002180602.

B) PARTE DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DAR CONTA PARA COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA Nº 258/2018 DO 01/03/2018 Á 341/2018 DO 28/03/2018 (INCLUÍDAS) E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL Nº 5 DE 16/03/2018 E Nº 6 DE 23/03/2018

O Pleno queda informado.

5. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2018.5

O Pleno queda informado.

6.- MOCIÓNS

Non se presentan mocións.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Inicia as intervencións Da. Inés Monteagudo:

- "Un rogo reiterado xa en numerosas ocasións. Este Concello ten problemas, problemas graves e urxentes. Temos un orzamento prorrogado dende o ano 2015, non sabemos que pasa coa subministración de auga potable, segue habendo vertidos, camiños e espazos moi descoidados, non se dan iniciado as obras que xa teñen financiamento comprometido, son incapaces de xustificar as subvencións e estanse a perder cartos, os locais públicos cáense a anacos... Non pode ser que pleno tras pleno o equipo de goberno non traia absolutamente ningunha proposta, ou traia unha como esta de pagar unha factura de 1 300 euros.
- Outro rogo tamén reiterado. Envíen a documentación correcta con cada asunto, envían un Informe de intervención e Tesourería sobre facturas pendentes de pagamento no 1º trimestre que non achega o anexo coas facturas. Pedímoslle que nolo envían. Rogámoslle que nos remitan as relacións de facturas que pedimos no Pleno pasado e



Cod. Validación: 91YMM4612XTRLXSXNMFCC3TEME | Conteción: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 12

no anterior, que dixo que ía enviar e non enviou (as 68 e 70 do ano 2017). Ou é que ten algo que non quere que saibamos, Sra. Alfonso?

- Rogo: nas convocatorias públicas para a cobertura de determinadas prazas valórase a participación en operativos de seguridade (ser membro de protección civil e participar en polo menos cinco operativos). Rogamos valoren tamén a posibilidade de ter en conta a colaboración como voluntariado noutras entidades, segundo o tipo de prazas de que se trate. Por exemplo: para prazas da área de servizos sociais, ter participado como voluntariado en entidades acreditadas dese sector, ou para prazas de monitores/as ou animadores/as socioculturais, ter participado como voluntariado en entidades acreditadas dese sector, etc.
- Outro rogo máis: xa que temos uns días de sol limpen polo menos as praias máis urbanas e frecuentadas, estes días xa houbo algún rapaz que se cortou ou mancou tanto na Rocha como no Castelo.
- Tamén queremos felicitala por ir inspeccionar as actuacións de Augas de Galicia nos ríos, a ver se rende o exemplo e manda aos concelleiros a inspeccionar as do concello, que si son da súa competencia e faltiña fai, como as instalacións do Eleuterio Baiayo, por exemplo.
- O informe de Intervención sobre facturas pendentes de pagamento indica a obriga de facer un plan de Tesourería visto que se incumpre o prazo medio de pagamento a provedores de 30 días. Está feito? Ou están traballando nel?
- Cando van amañar a beirarrúa do parque do Furón?
- No BOP do día 04/04/2018 publícase a concesión dunha subvención por parte da Deputación da Coruña ao Concello para a contratación de persoal para Turismo, por importe de 20 000 euros. De momento non se convocou ningunha praza. A que esperan?
- O 13 de outubro do ano pasado presentamos unha moción para aplicar bonificacións no IBI, non a tramitaron porque ían vostedes a presentar outra mellor en novembro. Pasou novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo. Estamos en abril do 2018.
- Por que o Concello no cumpre as súas propias bases na convocatoria de bolsas a deportistas?
- Pedímoslle en reiteradas ocasións información sobre que é o que se emite cando hai pagamentos ás televisións, sempre nos di que nos vai enviar con que promoción se corresponde cada factura, e como nunca envía nada, concluímos que é certo o que sospeltabamos, que paga vostede as entrevistas que lle fan. Ou non, Sra. Alfonso?
- No Pleno do mes de maio de 2017 presentamos unha moción na que pedíamos a limpeza de contedores e dos puntos de recollida, que xa fora presentada como rogo no mes de abril, hai agora un ano xusto. Esa moción foi aprobada por unanimidade, incluíndo unha addenda do grupo socialista. A día de hoxe aínda non se fixo efectiva, unha cousa tan simple como darlle uns chorros de auga nos sitios nos que están os contedores situados non foron capaces de facelo nun ano. Van limpar ou non son capaces nin de facer iso?



- Avanzaron algo na obra para ampliar a parada de bus? Avanzaron algo nas contratacións de obras que están pendentes de resolución?
- Adoptaron algunha decisión respecto do tema dos cans nas praias?
- Teñen coñecemento de que na baixada a depuradora de Esteiro (entre outros moitos sitios) as raíces están levantando a estrada? Van facer algo ao respecto?
- O por último queremos facer referencia ao Decreto 337 deste ano 2018. Nese decreto a Sra. alcaldesa resolve dar de baixa no padrón de habitantes a 15 persoas, por trasladados a outras localidades de Galicia, de España e do estranxeiro. Quince persoas marcharon nos meses de xaneiro e febreiro de Muros. Creo que todos e todas deberíamos facer unha reflexión ao respecto, e buscar, dende o noso ámbito local, a maneira de parar esta sangría."

A Sra. alcaldesa responde:

- "Respecto ao envío de documentación tomo nota.
- O Plan de Tesourería. O informe de Intervención é do 16 de abril e xa foi trasladado a Tesourería.
- O Furón, vai a arrancarse cando a brigada de Obras teña tempo.
- En canto á selección de turismo, farase en breve, as bases xa están feitas.
- A bonificación do IBI forma parte dun expediente no que queremos facer máis cambios e está Secretaría e Intervención traballando niso.
- Respecto a se pagamos as entrevistas en TV, pois non, non vou a entrevistas se non me chaman. As facturas son de actuacións relativas ao Concello.
- Limpeza de contedores. fíxoo unha empresa pero ás veces se hai moita calor dura pouco o efecto.
- A ampliación da parada de bus está en urbanismo en estudo.
- Cans nas praias, o programa está en marcha e xa falei ao respecto coa encargada de Medio Ambiente.
- Non teño constancia de raíces na baixada da depuradora de Esteiro pero mandaremos a brigada por alí.
- Baixamos de habitantes e é preocupante, como en toda Galicia, e entre todos e todas deberíamos de minorar esta baixada de poboación."

A continuación é a quenda da voceira do PSOE:

- "Queremos saber como vai o orzamento e se teñen coñecemento dunhas subvencións da Xunta para wifi nas parroquias e se se solicitou.
- Queremos dar conta da situación na que está o paseo de Muros con baldosas levantadas, herba sen cortar, contedores sen limpar... DI que se limparon contedores. Cales? Hai queixas nas parroquias de que cheiran mal.



Cod. Validación: 9YWM.4612XTRL SXNMF CG3TEME | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 12

- Dixo que traía aquí o da factura para non incorrer en gastos, pero como se presentou no monitorio sen avogado nin procurador?
- Hai algún proxecto para facer obra na fábrica de Daniel?
- Pedimos as copias dos reparos e volvemos a pedilas agora.
- Que se está a facer coas beirarrúas de Baño que parece ser que non cumpre a normativa de supresión de barreiras, pola súa altura.
- Espina e Delfín, cal é a súa situación? Non vemos facturas nin ingresos de canon. Que situación é a que hai? Seguimos de forma ilegal con esa empresa. Estase reclamando a Espina e Delfín a débeda que ten co Concello?
- Dixo que non pagaba nada polas entrevistas en TV, e no Facebook? Pois úsao moito, como boletín.
- Queremos dar traslado dunha queixa que vén de meses atrás. O concelleiro que é adestrador de fútbol e vai por alí todos os días e non obstante non sabe que hai problemas porque está sen cortar ao redor do campo. Atendan ao rogo que os chicos fan ao respecto desa limpeza.”

Da. Sandra Maneiro, previo permiso da Presidencia intervén: “Quería rogar que se limpe o paseo marítimo de Louro e a fonte de abaixo en Louro, necesita unha limpeza urxente, os lavadoiros xa non se ven. A estrada de acceso ao pavillón de Miraflores necesita arranxo urxente. Arranxaron o gran fochanca de Acoradoiro?”

Da. Mª Xosé Alfonso responde:

- “O Orzamento está elaborándose pendente de acabar co acordo de persoal.
- Solicitouse subvención para wifi.
- Non temos un lista de contedores, pero fíxose un plan de limpeza.
- Eu non dixen que a presentación no monitorio non costase cartos senón que se hai contencioso haberá máis gastos.
- Respecto á vertido do Castelo, explicarao o Sr. Quintela.”

Este manifesta: “Non chegou a producirse vertido, romperon as tubaxes de presión e nalgún sitio da rede se verteu. Dende o mércores antes de Semana Santa ata a semana pasada estivo mal. Provocouse un mal funcionamento das comportas e non se podía baleirar sen máis. Alugouse unha bomba para sacar máis caudal do que podía entrar na cámara da bomba e conseguíuse arranxar. Augas de Galicia coñecía a situación.”

Volve intervir a Sra. alcaldesa:

“Augas de Galicia foi consciente de que era unha avaría moi grave e non sancionaron. Era imposible arranxar antes, fíxose todo o rápido que se podía.

- Respecto á fabrica de Daniel, hai un anteprojecto que se enviou a Patrimonio e alí puxéronlle algunha pega, estando agora o promotor traballando nel. O proxecto colle todo o que queda en pé.



Cod. Validador: 979VMJ46Y2XTRLSXNMFCC3TEME | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 6 a 12

- Accesibilidade das beirarrúas, cando se fixo o proxecto comunicouse que se tivese coidado coa accesibilidade e o que vostede di consta en urbanismo e estano revisando.
- A situación de Espina e Delfín é a mesma que fai un mes.
- Por ter Facebook non se paga nada, é un medio de comunicación como outro calquera.
- Tomamos nota do relativo ao pavimento de Miraflores e respecto ao Ancoradouro (contesta o Sr. Quintela: farase mañá esa zona da rotonda).
- En canto poidamos pasarémoslle os reparos."

O voceiro do BNG, o Sr. García, manifesta deseguido:

- "Remata abril e seguimos sen saber que vai a pasar co bar San Francisco.
- Falábamos o mes pasado de que no veciño Concello de Carnota estábanse a mobilizar en todas as parroquias co fin de evitar a proliferación de enxame de vespa velutina, son xa centos os exemplares exterminados desta especie desde que se repartiron gratuitamente as trampas a todo aquel que as solicitou. Neste mesmo intre, no tamén veciño Concello de Mazaricos está a ter lugar unha charla informativa entre expertos e veciñanza sobre como actuar e como anticiparse á aparición desta perigosa praga. Que medidas se están tomando en Muros?
- No Pleno de 26 de xuño de 2017, esta corporación aprobou unha ordenanza para regular o uso das praias públicas do concello. Nesta ordenanza, recollíanse varios medidas que non foron levadas á práctica o verán pasado pola proximidade da aprobación coa temporada estival, como a colocación de aseos públicos nas praias de maior afluencia ou a asignación de distintos areas como praias aptas para cans. Nada sabemos de se o goberno fixo algo por cumprir coa normativa que eles mesmos trouxeron a este Pleno. Que medidas vai tomar o Concello para facer cumprir coa ordenanza?
- Desde que denunciámos no pleno pasado non volvemos saber máis da cesión de espazo público a Manpower para desenvolver a súa actividade comercial e na páxina web do Concello segue o anuncio igual que o día que o denunciámos. Está Manpower utilizando algún espazo do Concello?
- Vaise rematar a obra do Paseo de Esteiro antes do verán?
- Queremos saber que pasa coa RPT. A información que nos facilita Alcaldía nos plenos contradíse coa que nos chega da representación dos/as traballadores/as e ao BNG preocupáanos moito observar que non se visualiza nin nos anuncios do Concello nin en ningún lado que se estea a avanzar na proposta de RPT. Consideramos esencial e prioritario que se negocie esta RPT e quede aprobada canto antes, para poder acabar coa situación caótica e indigna na que se atopa o cadro de traballadores/as deste Concello.
- Ao respecto doutra cuestión histórica: Falamos en repetidas ocasións que non era posible dispoñer dun terreo onde instalar un repetidor en Sta Catalina, pero que existía outra solución, elevar máis a actual antena. Por que non o fixo?



- Fai uns días sufrimos o primeiro conato de incendio da temporada, queremos saber que se fixo ou se vai a facer algunha actuación en materia de prevención de lumes forestais.
- En vista de que non son capaces de recoller ningunha información, queremos saber se o Concello ten pensado denunciar as obras ilegais da Illa da Creba antes de que prescriban.
- Vai a Haber Noitebús este verán?
- No apartado de rogos, e sen facer aquí unha relación das numerosas intervencións que serían precisas, queremos facer un especial fincapé na adecuación dos parques públicos, nomeadamente o parque de Ventín, na Abelleira que se atopa en nefastas condicións.
- Rogamos tamén que se limpe a parede traseira do Xosé Lago de Esteiro, no que hai unhas pinturas homófonas.
- Rogamos tamén que se reciban ao club deportivo ascendido, no Concello e lle sexan dados os correspondentes parabéns.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- "Os pregos de San Francisco están rematados e pendentos de publicar.
- Velutina, traballamos na adquisición das trampas.
- Medidas nas praias, tomaranse as medidas que se poida e economicamente estea permitido.
- Obra de Esteiro, Costas e a empresa dinme que se vai rematar o 15 de xuño.
- RPT, o último foi darles aos/ás traballadores/as unha primeira valoración feita pola empresa para que aporten opinións. O luns van a empezar as entrevistas co persoal.
- Repetidor de Santa Catalina, aproveitando unha visita a Patrimonio preguntei por ese tema e déronnos un mapa da zona onde se podían colocar unha nova proposta de repetidor pero non hai forma de lograr o terreo e tampouco permiten subir a altura.
- Respecto aos incendios, imos contratar brigadas contraincendios como estes anos de atrás.
- Probablemente non haberá Noitebús.
- Temos previsto facer un recibimento para clubs e deportistas, e creo que o merecen.
- Tomamos nota do da parede traseira do Xosé Lago.
- A denuncia da Illa da Creba acabáremolo facendo."

Non existindo máis asuntos dos que tratar, a Sra. alcaldesa levanta a sesión. Do tratado nela, dou fe.

A secretaria



Cod. Validación: 9YWM46Y2XTRL5XNMF0G3TEME | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 12

Se é machista non é xustiza

Marcha Mundial Mulleres Galiza Xoves, 26 de Abril de 2018

A Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres na Galiza quere mostrar a súa repulsa á sentenza remitida hoxe a La Manada pola violación dos San Fermíns de 2016.

Nun contexto político no que a xustiza española a cada paso que dá demostra máis a súa incapacidade, atopámonos coa sentenza que foi remitida pola Audiencia Provincial de Navarra para dar "luz" ao caso de La Manada. Esta sentenza é só unha mostra máis da incapacidade xudicial de amparar ás mulleres que sofren violencias machistas, esta incapacidade aumenta o risco para as mulleres de que calquera violencia cometida contra nós quede impune ou mal cualificado.

Desta volta tocoulle á moza que foi violada na festa dos San Fermíns; moza, que por unha banda foi criticada e perseguida pola mass media ante a suposta pouca veracidade da súa declaración, que viu a súa historia converterse nun relato mediatizado no que ela era a culpábel e a cuestionada, por outra banda, o acto de valentía que representa pór unha denuncia converteuse nunha exposición absoluta da súa vida privada e íntima que tamén foi violada.

Neste caso foron moitas as probas aportadas das actitudes violentas e repulsivas dos membros de La Manada, até se aportou un vídeo que resultou insuficiente xunto co atestado policial e médico para cualificar correctamente o delito que houbo. Dous anos despois do sucedido a sentenza que se sacou pide 9 anos de cadea para os membros da manada por "abuso sexual" xa que os xuíces non acharon que fose unha violación por entender que este "abuso" non fora violento. Condenamos esta sentenza e o sistema que a ampara, condenamos que denunciar calquera tipo de violencia fiquen impunes ante terminoloxías absurdas que cambian os feitos, porque a violencia machista é violencia exercida sobre as mulleres por selo.

As feministas galegas, nun acto de sororidade e repulsa a calquera tipo de



violencia, saímos hoxe ás rúas para mostrar a nosa repulsa a esta sentenza infame que non fai máis que darnos, máis unha vez, a razón en que o sistema xudicial, o estado e o sistema económico son quen alimentan e protexen baixo a impunidade práctica calquera tipo de violencia sobre nós. Saímos ás rúas contra a Manada, contra un sistema que nos mata e exerce violencia contra nós, contra unha xustiza machista, saímos ás rúas polas voces das que xa non están, porque imos seguir en marcha até que todas sexamos libres.



Cod. Validación: 9YWM46Y2XTRLSXNMFCC3TEME | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma www.esPublico.es | Páxina 12 a 12